




CÓDIGO DE CONDUTA E BOAS PRÁTICAS CORPORATIVAS




MARCA FRANCA

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

ÍNDICE

I. Sobre este Código de Conduta	3
II. Ámbito de aplicación	5
III. Primeiro, as persoas	6
IV. Compromiso coa comunidade e co medio ambiente	8
V. Unha aposta pola transparencia e a comunicación	10
VI. Uso dos activos da organización	11
VII. Protección de datos persoais e confidencialidade	12
VIII. Conflito de intereses	13
IX. Agasallos, invitacións e atencións	14
X. Integridade de COGAMI nas relacións económicas e comerciais	14
XI. Relación con persoas provedoras e colaboradoras	15
XII. Relación con organismos e entidades públicas	16
XIII. Neutralidade ideolóxica	18
XIV. Protección da propiedade intelectual e industrial	18
XV. Comité de Cumprimento Normativo	19
XVI. Canle de denuncias. Canal Responsable	21
XVII. Réxime sancionador	24
XVIII. Entrada en vigor e modificación	24


	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

I. Sobre este Código de Conduta

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) é unha entidade asociativa sen ánimo de lucro, integrada por máis de cincuenta asociacións, circunscrita á Comunidade Autónoma de Galicia e declarada de utilidade pública no ano 2004. Co vagar dos anos COGAMI converteuse nunha entidade senlleira para as persoas con discapacidade en Galicia, desenvolvendo toda a súa actividade co propósito de mellorar as condicións de vida das persoas que integran o colectivo ao que representa. Neste tempo, COGAMI fraguou unha cultura asociativa e empresarial de seu que incorpora os máis altos estándares de cumprimento normativo e un relevante cadro de valores éticos, recollidos no Código Ético, aprobado pola Asemblea Xeral o 11 de maio de 2013, que goberna toda a vida da organización e define as súas marcas de identidade:

- A plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.
- A defensa e a promoción dos dereitos das persoas con discapacidade.
- A reivindicación dun cambio social que facilite o anterior.
- A potenciación do asociacionismo para prestar servizos que satisfagan as necesidades e as expectativas das persoas con discapacidade.
- Unha aposta decidida pola I+D+i aplicada ás metodoloxías de traballo para as persoas con discapacidade.
- A promoción dunha cultura ética empresarial e corporativa baseada no respecto, a participación, a transparencia e a solidariedade, que fragüe un marco de referencia para os procesos de toma de decisións da dirección, o persoal, o voluntariado e cantas persoas colaboren co seu movemento asociativo.

Afondando nesa traxectoria de compromiso social e responsabilidade, vimos de aprobar, para toda a organización, o presente Programa de Cumprimento Normativo (*Corporate Compliance*), como constatación da


	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

nosa vontade e garantía de sustentación do noso proxecto. Evitar a comisión de delitos e sancións graves mediante unha cultura de prevención e defensa da legalidade, xunto cunha rápida reacción no caso de producirse, é o principal obxectivo desta iniciativa, que, ademais, adapta a nosa organización ás esixencias introducidas pola última reforma do Código Penal (Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo) en relación coa responsabilidade penal das persoas xurídicas.

O Programa de Cumprimento Normativo conta cos parabéns e o respaldo da Xunta Directiva e abrangue toda a organización. A cerna dese Programa é o presente Código de Conduta. Todas as asociacións integradas en COGAMI con personalidade xurídica independente, así como as entidades participadas maioritariamente, directa ou indirectamente, por COGAMI, poderán facer seu este Código de Conduta se así o aproban os seus respectivos órganos de goberno.

Este Código de Conduta ten por peza basilar o principio de dilixencia debida, de xeito que cada quen, na súa responsabilidade, deberá facer todo o que estea nas súas mans para previr, denunciar e erradicar calquera tipo de conduta contraria a dereito ou que dane os seus contidos ou os do Código Ético. A tal fin, este Código dispón un conxunto de principios fundamentais que rexen o xeito en que COGAMI desempeña as súas tarefas. Para acadar ese obxectivo, ademais do presente Código de Conduta, o Programa de Cumprimento Normativo de COGAMI articula os seguintes instrumentos:

- Un Manual de prevención e resposta ante o delito que inclúe, dunha banda, a análise de riscos penais relativos as distintas áreas de actividade da nosa organización, coa valoración da súa potencial gravidade, a probabilidade de comisión e as súas consecuencias xurídicas (mapa de riscos); e, da outra banda, medidas e protocolos de prevención e resposta ante delitos e graves infraccións administrativas.
- Normas, protocolos e procedementos de actuación específicos para cada ámbito de actividade.

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

- O Sistema de Xestión Informatizada do Cumprimento (SXIC), que permite individualizar responsabilidades, mediante o seguimento dos procesos de decisión, e capturar evidencias, acoutando os espazos de actuación responsable.
- Un Comité de Cumprimento Normativo e unha canle de denuncias.
- A formación continua da directiva, ás persoas con mandos intermedios, o persoal e as persoas colaboradoras.

O Programa de Cumprimento Normativo de COGAMI non está pensado para substituír políticas específicas nin procedementos normalizados de traballo que xa estean establecidos e que regulen as actividades do persoal.


II. Ámbito de aplicación

Este Código é de aplicación ao conxunto de empresas que teñen por cabeceira a COGAMI ou a Galega de Economía Social, S.L., así como a todas aquelas persoas, entidades e empresas que traballan ou colaboran con elas. Aos efectos deste Código, entenderase COGAMI como este conxunto institucional e empresarial.

En razón deste vínculo, ademais da xeral subxección ao disposto nas leis, todas as persoas integrantes dos órganos sociais, as administradoras, a directiva, o persoal, as persoas colaboradoras e as voluntarias teñen a obriga de respectar o disposto neste Código e no Código Ético de COGAMI e de cumprir as normas internas, as políticas e os plans de mellora, prevención e seguridade, os procedementos de traballo e os protocolos de actuación con persoas usuarias, clientas e provedoras, administracións e entidades públicas. Este é un aspecto vital para COGAMI é un compoñente clave da xestión do rendemento.

A aplicación do presente Código poderá facerse extensiva ás persoas físicas e xurídicas que se relacionen con COGAMI cando así conveña para a eficacia do Programa de Cumprimento Normativo e a natureza da relación o permita.

Este documento será notificado pola dirección de COGAMI a todo o seu persoal, debendo este expresar que coñece o Código e asumir, por escrito,

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

o compromiso do seu cumprimento. Ademais, publicarase na páxina web. A partir da súa entrada en vigor, a obriga de cumprilo recollerase expresamente mediante unha cláusula nos contratos de traballo de directiva e persoal.

III. Primeiro, as persoas

As persoas son a cerna da nosa organización. Todas as que manteñan, directa ou indirectamente, unha relación laboral, de prestación de servizos ou social con COGAMI, recibirán un trato xusto e digno. Para nós, as persoas que traballan en COGAMI son un factor indispensable para acadar con éxito os obxectivos que nos propuxemos, entre os que debemos subliñar a atención e a inclusión laboral das persoas con discapacidade.


COGAMI promove o desenvolvemento profesional das persoas e procura un equilibrio continuado entre os obxectivos da organización e as necesidades e expectativas do persoal. Só así se logra a permanente adaptación e mellora das competencias e as capacidades de toda a organización.

Para facer reais estes principios, COGAMI adopta todas as medidas razoables e prudentes para proporcionar unha contorna laboral saudable e segura e apoia programas orientados á promoción do benestar do seu persoal.

COGAMI presta especial atención á prevención de riscos laborais e comprométese, por todos os medios á súa disposición, a eliminar ou reducir ao mínimo os riscos laborais do persoal, creando espazos de traballo seguros e saudables.

Todas as políticas, plans de prevención de riscos laborais e procedementos de seguridade son revisados e comprobados periodicamente co propósito de contrastar e asegurar a súa adecuación. Ademais, o persoal de COGAMI conta coa información adecuada e a formación necesaria para a súa protección ante eventuais riscos nos seus postos de traballo.

COGAMI integrará políticas e procedementos de saúde e seguridade na estratexia de recursos humanos e en todos os procedementos de traballo.

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

As persoas responsables dos Plans de Prevención de Riscos Laborais teñen que asegurar que se seguen estritamente, en todo momento, dentro dos centros de traballo.


Cando se teña coñecemento dalgunha insuficiencia en materia de prevención de riscos laborais ou de calquera incumprimento das normas e procedementos de seguridade, comunicarase inmediatamente ao órgano responsable na materia ou a persoa Responsable de Cumprimento Normativo de cada centro de traballo. Tamén poderase comunicar a través da canle de denuncias ou *Canal Responsable* á que fai referencia este Código.

Todo o persoal asume o compromiso de cumprir as normas e os protocolos de seguridade e saúde no traballo, velando pola súa propia seguridade e pola das demais persoas. Infrinxir as leis e regulamentos relativos á saúde, á seguridade e ao medio ambiente é unha conduta grave que pode dar lugar a importantes sancións laborais, penais e administrativas tanto para as persoas que incumpren como para COGAMI.

Tutela anti-discriminatoria

COGAMI oponse a calquera tipo de discriminación por razón de discapacidade, sexo, raza, etnia, orientación sexual, relixión, lingua, posición ideolóxica ou nacionalidade e prohíbe toda forma de acoso sexual, moral, físico ou psicolóxico, así como a calquera outro comportamento que poida xerar unha contorna laboral intimidatoria, hostil ou ofensiva. COGAMI declara, igualmente, o seu compromiso de tolerancia cero con todas as formas de violencia sobre a muller. No caso de terse coñecemento dalgunha conduta contraria a estas prohibicións, deberá comunicarse, directamente á persoa Responsable de Cumprimento do centro de traballo, a unha persoa con cargo superior ou a través da canle de denuncias. Aprobarase un Protocolo anti-acoso que será de obrigada observancia en toda a organización.

COGAMI utiliza os máis altos estándares éticos na contratación e promoción da súa directiva e na designación das persoas integrantes dos órganos de dirección e administración. Os procesos de selección deben ser abertos e transparentes e estar rexidos polos principios de igualdade, mérito e

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

capacidade. Periodicamente aprobaranse programas de formación para favorecer o desenvolvemento e a promoción da carreira profesional das persoas traballadoras. COGAMI potencia a diversidade e a cualificación do seu persoal mediante a promoción do talento e levando a cabo políticas favorecedoras das persoas con maior dificultade no acceso ao emprego.

Igualdade entre mulleres e homes

COGAMI impulsa medidas que garanten a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. En consecuencia, prohíbese toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo ou de xénero, en especial no que atinxe á promoción no emprego e ás remuneracións e formas de retribución salarial.


COGAMI non só se compromete ao estricto cumprimento da normativa vixente en materia de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, senón que, ademais, está disposto a introducir neste ámbito outras melloras razoables pactadas co persoal. A estes efectos, o Plan de Igualdade de Oportunidades considerárase integrado no Programa de Cumprimento Normativo como norma derivada.

Outros dereitos fundamentais das persoas traballadoras

Polo seu fundamento asociativo, COGAMI sente unha especial obriga de observancia e respecto en relación cos dereitos de asociación, sindicación, folga e negociación colectiva; por esta razón, esixirá: dunha banda, a todas as empresas e entidades coas que colabora, que respecten os dereitos do seu persoal e, doutra banda, ás súas provedoras, que declaren expresamente que os seus produtos foron elaborados baixo condicións de traballo dignas. COGAMI rexeita a compra de produtos dos que poida sospeitarse que foron elaborados por man de obra infantil ou baixo calquera outra forma de explotación laboral.

IV. Compromiso coa comunidade e co medio ambiente

O compromiso social de COGAMI non se circunscribe só á defensa e mellora das persoas con discapacidade, promovendo a súa inclusión en

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

todos os eidos da vida: tamén se estende ás comunidades local, nacional e mesmo internacional, o que se materializa en proxectos sostibles e abertos á cidadanía para o desenvolvemento e a promoción de iniciativas enfocadas a mellorar a convivencia, o respecto á diversidade e a calidade de vida. Todos os servizos prestados e os bens subministrados por COGAMI han de ter presente esta marca ética.


Agárdase do conxunto de profesionais que integra COGAMI unha actuación dinámica e de participación acorde con ese compromiso coa comunidade e, de xeito especial, un recoñecemento das outras persoas, da cultura, da lingua, dos procesos produtivos locais e dos costumes daqueles lugares nos que desenvolvan actividades.

COGAMI está firmemente comprometida coa protección e o coidado do medio ambiente. Toda a súa actividade desenvólvese baixo a premisa de minimizar os impactos ambientais negativos e prever a contaminación, favorecendo o tratamento de residuos, a reciclaxe e a reutilización de materiais, así como a investigación e os procesos de innovación que melloren o respecto ao medio ambiente. As políticas e procedementos de COGAMI están deseñadas para cumprir coas regulacións e as recomendacións medioambientais e abranguen a formación do seu persoal sobre xestión ambiental e a óptima conservación e utilización do patrimonio natural.

Á vez, as políticas ambientais deseñadas para as súas empresas e centros especiais de emprego, están fundadas na idea dun desenvolvemento económico sostible. COGAMI conta con empresas directamente implicadas no sector medioambiental, polo que é plenamente consciente de como esas políticas conforman unha vantaxe competitiva.

Todo o anterior queda reflectido no Obxectivo 3 do noso Plan Director de Responsabilidade Social Corporativa (norma derivada que integra o Programa de Cumprimento Normativo), que contempla as seguintes accións medioambientais:

- Consumo responsable. En concreto, propóñense medidas de xestión eficiente da auga, do papel, da enerxía e dos refugallos.

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

- Alianzas estratéxicas para favorecer o "intercambio" do valor social que xera a actuación de COGAMI co de outras organizacións especializadas no sector medioambiental.


V. Unha aposta pola transparencia e a comunicación

COGAMI fixo da transparencia un reto institucional e comprometeuse a proporcionar información veraz e actualizada mediante a publicación da documentación oficial da organización na súa páxina web co fin de facilitar o seu coñecemento e difusión. Así, na web de COGAMI pódense consultar, entre outros documentos, os estatutos sociais, os regulamentos dos órganos de administración e goberno, a memoria anual, os informes de goberno corporativo, o perfil profesional das persoas integrantes do Consello de Administración e calquera outra documentación corporativa, incluído este Código de Conduta e o resto dos documentos que conformarán o Programa de Cumprimento Normativo.

Neste sentido, cómpre lembrar que o contacto cos medios de comunicación e os debates públicos sobre as actividades e obxectivos de COGAMI quedan restrinxidos ao persoal expresamente autorizado para desenvolver esa tarefa segundo os procedementos habilitados. Así mesmo, é importante que todas as persoas da organización cumpran co establecido no Manual de comunicación de crise e axusten a súa participación en comunicacións telemáticas e por correspondencia aos contidos do presente código e do Código Ético.

Nas comunicacións internas entre persoas empregadas, responsables e órganos de administración e dirección da organización, respectaranse as normas aprobadas a tal fin, singularmente as que prevén o uso do correo electrónico e as relativas á utilización das canles e dos espazos e taboleiros dedicados a ese cometido.

COGAMI conta con canles específicas de comunicación en función dos suxeitos e das materias. Estas canles regularanse mediante protocolos internos que determinarán as persoas ou os grupos con dereito de acceso a cada unha delas, a natureza reservada ou non da información, o

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

procedemento a seguir e as persoas ou órganos competentes para facilitala. Cando así se determine, na canle de información subministrarse, tamén, asistencia e asesoramento. O indebido funcionamento dalgunha destas canles será inmediatamente posto en coñecemento das persoas ou órganos encargados de velar pola efectiva aplicación deste código.


É responsabilidade e obriga de todo o persoal de COGAMI informe cando observe ou teña indicios de que alguén que traballa ou colabora coa organización, ou que actúa no seu nome, non o fai de xeito coherente cos principios e valores deste Código de Conduta. Advertir esas inxerencias antes de que poidan xurdir os problemas é unha valiosa forma de prevención de condutas irregulares.

Toda persoa vinculada a COGAMI que colabore ou participe en redes sociais, foros, blogs ou calquera outro medio semellante a través da internet, debe deixar claro que as súas opinións e manifestacións, incluídos os ficheiros sonoros ou de imaxe que difunda, son de carácter exclusivamente persoal.

VI. Uso dos activos da organización

COGAMI pon a disposición do seu persoal os recursos que necesita para o correcto desempeño do seu traballo (maquinaria, ordenadores, vehículos, software, *know how*...). Estes recursos deben ser utilizados de forma responsable, procurando a súa conservación e o seu máximo aproveitamento, preservándoos de usos abusivos ou inadecuados. A súa utilización, mellora, cambio ou substitución debe contar sempre coa autorización da persoa competente e deben ser devoltos cando deixen de ser necesarios para o desenvolvemento do propio traballo, cando remate a relación laboral coa organización ou cando esta o requira. Só poderán ser empregados para fins persoais cando haxa autorización expresa.

Ademais das normas e procedementos xerais de traballo e seguridade, o Comité de Cumprimento Normativo aprobará unha norma específica sobre a utilización de dispositivos e soportes informáticos, tanto persoais como de titularidade da organización, e outra concernente á utilización de vehículos de frota.

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

VII. Protección de datos persoais e confidencialidade

A información de carácter sensible das persoas traballadoras, clientas e provedoras deberá ser tratada con absoluta reserva e confidencialidade e non poderá ser facilitada máis que ás persoas que sexan as súas lexítimas titulares ou baixo requirimento oficial coas debidas garantías xurídicas.


As persoas asociadas, directivas e empregadas de COGAMI teñen prohibido utilizar en beneficio propio, ou comunicar a terceiras persoas, calquera dato ou información obtida polo desempeño da súa actividade profesional en algún dos centros, empresas ou entidades que integran COGAMI. Tampouco poderán utilizar informacións de carácter reservado ou confidencial procedentes de empresas alleas a COGAMI sen contar coa súa expresa autorización por escrito.

Toda persoa vinculada a COGAMI ten a obriga de protexer e manter reserva sobre o coñecemento ao que teña acceso no seo da organización. A tal fin, estableceranse cláusulas de confidencialidade específicas nos documentos que regulen a actividade con COGAM dos distintos suxeitos.

COGAMI garante a seguridade dos seus arquivos e sistemas informáticos. O persoal que, por razón de súa actividade profesional, teña acceso a datos persoais, responde da súa custodia e debe cumprir con rigor o marco legal vixente e as normas e procedementos internos establecidos pola organización para o tratamento da información.

O persoal de COGAMI ten que respectar a intimidade persoal e familiar de todas as persoas coas que se relacione no ámbito da súa actividade profesional. Os datos de carácter persoal só poderán ser utilizados conforme ao disposto na normativa vixente. Para a recompilación, almacenamento e tratamento de datos persoais requiriranse, aínda que a lei non o esixa, os consentimentos necesarios e a información recabada empregárase, exclusivamente, para os fins autorizados.

Agás que se indique o contrario, a información á que teña acceso o persoal no exercicio das súas tarefas terá sempre a consideración de confidencial e

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

só poderá ser utilizada para atender aqueles fins para os que foi facilitada. Ademais, evitarase facer duplicados ou almacenar a información en dispositivos que non sexan propiedade de COGAMI. Esta obriga de confidencialidade perdura trala extinción do vínculo coa organización e inclúe o deber de devolver calquera material relacionado con ela.

O persoal deberá facer uso da canle de denuncias para comunicar calquera incidencia relacionada coa confidencialidade da información e a protección de datos persoais que supoña un incumprimento das referidas normas ou deste Código.

VIII. Conflito de intereses

Todo vencello económico, familiar, de amizade ou de calquera outra natureza do noso persoal con autoridades ou empresas provedoras ou clientas pode alterar a independencia dos procesos de toma de decisións na organización e, polo tanto, xerar un potencial risco de actuación desleal por conflito de intereses. Por iso, cando isto aconteza, as persoas afectadas teñen a obriga de poñelo inmediatamente en coñecemento do Comité de Cumprimento Normativo.

Enténdese que existe un conflito de intereses cando entran en colisión, de forma directa ou indirecta, o interese de COGAMI e o interese persoal de calquera profesional da organización ou da súa familia (cónxuxe; parella con análoga relación de afectividade; ascendentes; cónxuxe ou parella de ascendente; descendente; cónxuxe ou parella de descendente; irmá/n, cónxuxe ou parella de irmá/n).

COGAMI agarda do seu persoal comportamentos que non comprometan a independencia da organización ou a utilicen interesadamente. Cando o persoal, a directiva ou as persoas asociadas desempeñen actividades persoais á marxe da súa relación con COGAMI non poderán utilizar o seu nome para acadar un beneficio propio nin para favorecer a unha terceira persoa. En todo caso, considérase situación potencial de conflito:

- A realización polas persoas anteriormente sinaladas, por si, ou a través de sociedades ou entidades, de actividades semellantes ás que

se desempeñen na empresa/organización de COGAMI onde se traballe.

- Ser titular ou participar nunha sociedade ou entidade que subministra bens ou servizos a COGAMI. Dita circunstancia debe ser comunicada inmediatamente e será valorada, en cada caso, polo Comité de Cumprimento Normativo.

IX. Agasallos, invitacións e atencións

COGAMI non fará ou admitirá agasallos ou invitacións que podan ser interpretadas como algo que excede as prácticas comerciais ou de cortesía comunmente aceptadas. Como regra xeral, os agasallos e as atencións deben ser proporcionadas e éticas. Queda prohibido calquera tipo de agasallo, invitación ou atención a persoas clientas que poda influír ou condicionar a independencia dos procesos de toma de decisións ou inducir a dispor calquera favor ou vantaxe para COGAMI ou para algunha persoa do seu persoal ou da súa directiva.


COGAMI non consente prácticas non permitidas pola lexislación, os usos comerciais ou, se fosen coñecidos, os códigos éticos ou de conduta das entidades ou empresas coas que se relaciona.

Calquera agasallo de COGAMI caracterizarase por ter un valor simbólico e estar destinado a promover a imaxe de marca ou os obxectivos da organización ou dalgunha das súas entidades.

A aceptación ou entrega inapropiada de agasallos pon en risco a integridade de COGAMI, polo que, no caso de ter dúbidas sobre este tema, debe consultarse ao Comité de Cumprimento Normativo.

X. Integridade de COGAMI nas relacións económicas e comerciais

COGAMI está comprometida co mantemento de altos estándares de conduta ética e, polo tanto, coa lexislación anticorrupción e antibranqueo de capitais en cantos eidos desenvolve a súa actividade. A corrupción, ademais de constituír un delito, implica un comportamento deshonesto e

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

fraudulento que ameaza o futuro da organización e de cantas persoas traballan nela.


Endexamais pode esquecerse que toda a nosa actividade económica está ao exclusivo servizo dun cometido social (apoiar ás persoas con discapacidade) e que, polo tanto, temos que ser especialmente esixentes fronte a calquera práctica desa natureza, tanto respecto da persoa que a cause como de quen, sabendo dela, non o pon en coñecemento do Comité de Cumprimento Normativo ou dalgunha persoa que teña un cargo superior ao seu.

COGAMI prohíbe expresamente calquera pago, directo ou mediante representantes, para apurar a tramitación de determinados asuntos ante organismos públicos ou privados. O persoal de COGAMI non pode ofrecer, aprobar ou recibir incentivos financeiros ou doutra natureza (préstamos, descontos, doazóns...) co fin obter favores ou vantaxes persoais ou para a organización que se adiquen a fins incompatibles cos mandatos deste Código de Conduta. No caso de que alguén lle solicite unha comisión ou pago desa natureza deberá poñelo de seguido en coñecemento da persoa ou órgano responsable do Programa de Cumprimento Normativo.

XI. Relación con persoas provedoras e colaboradoras

Todas as persoas provedoras de COGAMI terán que declarar e, no seu caso, acreditar, que dispoñen dos permisos, as autorizacións e as licenzas oportunas para o desenvolvemento da súa actividade, que están ao día nos pagos á Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e que coñecen o presente Código de Conduta.

Os procesos de elección das nosas persoas colaboradoras e provedoras deben caracterizarse pola procura dunha competitividade solidaria e de calidade, garantindo a igualdade de oportunidades entre todas elas. É prioritario conciliar o interese de COGAMI na obtención das mellores condicións para acadar os nosos obxectivos sociais e económicos, coa

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

conveniencia de manter relacións estables, beneficiosas e produtivas con provedoras éticas e responsables.


En particular, o persoal de COGAMI non rexeitará a ningúen que, cumprindo cos requisitos solicitados, poida competir na contratación de produtos e servizos, adoptando, no proceso de selección, criterios obxectivos que permitan a libre competencia sen danar os cometidos sociais e asociativos de COGAMI.

As provedoras de COGAMI están obrigadas a cumprir o presente Código de Conduta no que lles resulte de aplicación. No caso de que unha provedora ou colaboradora adopte comportamentos non conformes cos principios do presente Código de Conduta, COGAMI estará lexitimada para tomar as medidas oportunas e poderá rexeitar a colaboración no futuro con dita provedora. Terán preferencia aquelas provedoras que presten especial atención aos dereitos das persoas traballadoras e, en particular, as que manteñen políticas de integración laboral para as persoas con discapacidade.

As relacións coas nosas provedoras están sometidas a un rigoroso control de calidade e de verificación da súa adecuación á legalidade e cos valores éticos da COGAMI. O establecemento de calquera relación comercial formalizarase nun contrato baseado nos principios de transparencia e boa fe. O Comité de Cumprimento Normativo aprobará normas reguladoras dos distintos rexistros de provedoras e unha regulación específica en materia de subcontratación.

XII. Relación con organismos e entidades públicas

A actividade empresarial de COGAMI esixe acotío intervir en licitacións públicas e participar en procedementos para a obtención de subvencións e axudas públicas, o que supón un contacto habitual con organismos públicos, autoridades, funcionarias/os e persoal ao servizo das administracións públicas. Nestas relacións toda persoa vinculada a COGAMI axustará a súa conduta ao máis estrito cumprimento do ordenamento

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018


xurídico e procurará que todo encontro ou contacto quede reflectido na súa axenda.

COGAMI comprométese a que as súas relacións con entidades e organismos públicos estean presididas pola ética e baseadas na prevención da corrupción e o suborno. Do mesmo xeito, aplicará á súa práctica comercial as regras da *Internacional Chamber of Commerce (ICC)* para combater a corrupción, tanto pública como privada, e outras condutas ilícitas como a fraude e o tráfico de influencias. En todos os contratos comerciais firmados por COGAMI figurará expresamente unha cláusula anticorrupción.

Cando, nas relacións coas administracións públicas e seus organismos e empresas, se utilicen persoas intermediarias, abrírase un expediente de dilixencia debida (*due diligence*) para asegurar que a persoa ou entidade contratada ofrece unha traxectoria profesional incuestionable e digna de confianza, sen que existan factores apreciables de risco que poidan comprometer o bo nome de COGAMI. A persoa intermediaria ou axente será informada do contido do presente Código e quedará suxeita ás obrigas e prohibicións dispostas nel.

COGAMI sostén unha posición de firme rexeitamento do branqueo de capitais e a utilización de paraísos fiscais. Toda inversión exterior a través de empresas de nova creación ou en colaboración con algunha xa existente esixe a verificación previa do obxecto social e das actividades que vai a desenvolver e articular un sistema de control financeiro que permita comprobar en todo momento a legalidade das operacións contables realizadas.

As persoas responsables financeiras de COGAMI aseguraranse de contar cun adecuado coñecemento da persoa cliente. Non se autorizarán transferencias financeiras sen a debida identificación da persoa cliente ou da súa representante e haberá que procurar obter información contrastada sobre a orixe dos fondos. O sistema de control financeiro de COGAMI incorporará as recomendacións e principios do Informe COSO, rexistrando todos os pagos e transaccións, prohibindo anotacións fóra de libros, controlando o destino dos pagos en efectivo cando excepcionalmente se

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

producisen e artellando un sistema de auditoría que garanta o cumprimento da legalidade contable.

En materia fiscal, compromiso coa lexislación vixente, establecendo os mecanismos necesarios para contrastar a veracidade la información presentada ás autoridades.

No financiamento de COGAMI os fondos públicos representan unha cifra moi significativa, polo que se establecerá un procedemento específico para a identificación e o control dos ingresos recibidos, garantindo a súa aplicación aos fins para os que se concederon.


XIII. Neutralidade ideolóxica

Dadas as súa orixe asociativa e a súa finalidade social, COGAMI colabora sempre con todas as administracións públicas que apoiem a inclusión das persoas con discapacidade, independentemente de cal sexa o ideario da forza política que, en cada momento a governe. En coherencia con este posicionamento, COGAMI prohíbe toda aportación económica a partidos e organizacións políticas aínda que sexa dentro da legalidade, e non patrocinará eventos que teñan como único fin unha actividade política partidaria, nin levará a cabo ningunha clase de presión directa ou indirecta de natureza política, actuando sempre de xeito independente e neutral.

COGAMI recoñece a liberdade ideolóxica do seu persoal e, polo tanto, o seu dereito a participar en actividades políticas que non resulten obxectivamente incompatibles coa función que desempeñen e se desenvolvan fóra do horario laboral e das instalacións da organización.

XIV. Protección da propiedade intelectual e industrial

COGAMI está comprometida coa propiedade intelectual e industrial propia e allea. Por iso, toda persoa vinculada a COGAMI debe observar un rigoroso respecto dos dereitos de autor, patentes, marcas, nomes de dominio, dereitos de deseño e de reprodución e calquera outros de similar natureza.

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

Queda prohibida a utilización de creacións ou signos distintivos de propiedade intelectual ou industrial pertencentes a persoas ou entidades alleas a COGAMI sen a previa comprobación de que se conta coa licenza, os dereitos ou a autorización pertinente.

A propiedade intelectual e industrial nacida do traballo do persoal de COGAMI durante a súa permanencia na organización e directamente relacionada coa súa actividade nela será propiedade de COGAMI, agás que a lei dispoña outra cousa.

COGAMI responde da orixinalidade dos seus propios produtos e esixe das súas provedoras igual garantía. Queda prohibida a duplicación non autorizada de creacións sobre as que existan dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

Todos os procedementos de decisión e xestión relativos a estes dereitos estarán documentados, facéndose constar expresamente a licenza, a autorización ou os títulos de propiedade ou de uso das obras, materiais ou creacións e a identidade das persoas intervinientes e o seu nivel de responsabilidade. Calquera alteración destes procedementos deberá poñerse en coñecemento do Comité de Cumprimento Normativo.


O nome, a imaxe e/ou as marcas de COGAMI só se utilizarán previa autorización da persoa ou órgano competente en cada caso e en relación con fins e obxectivos vinculados á actividade da organización.

XV. Comité de Cumprimento Normativo

Para a execución dos contidos deste Código e, en xeral, para a aplicación, actualización e fiscalización do Programa de Cumprimento Normativo, constitúese o Comité de Cumprimento Normativo de COGAMI.

O Comité de Cumprimento Normativo estará integrado polas seguintes persoas:

- Unha/un conselleira/o do Consello de Administración de Galega de Economía Social, que se encargará da Presidencia.

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018


- A persoa responsable da área de Recursos Humanos de COGAMI.
- A persoa titular da dirección financeira de Galega de Economía Social.
- A persoa titular da dirección financeira de COGAMI.
- Unha persoa representante do Comité de Dirección de COGAMI.
- A empresa asesora MARCA FRANCA, que terá voz pero non voto e levará a Secretaría.

O Comité de Cumprimento Normativo reunirse, polo menos, cada tres meses, previa convocatoria da súa Presidencia. Tamén o fará cando así o soliciten tres dos integrantes. Para a adopción válida dos seus acordos, que sempre se adoptarán por maioría, deberán, como mínimo, estar presentes, ademais da/o Presidenta/e, outras/os tres membros con dereito a voto. No caso de empate, decidirá o voto de calidade da/o Presidenta/e.

Funcións do Comité de Cumprimento Normativo:

As funcións do Comité de Cumprimento Normativo de COGAMI son as seguintes:

- Asegurar a aplicación deste Código de Conduta e das normas, protocolos e procedementos que se diten en desenvolvemento e garantía del.
- Investigar, de oficio ou a instancia de parte, os feitos denunciados e tramitar e propor unha resolución á Xunta Directiva de COGAMI dos expedientes relacionados coa posible comisión de actos contrarios a este Código de Conduta ou que vulneren os contidos das normas e procedementos que integran o Programa de Cumprimento Normativo de COGAMI.
- Propor á Xunta Directiva de COGAMI, para a súa aprobación, os procedementos, normas, protocolos, manuais sectoriais e circulares que se diten para o desenvolvemento do Programa de Cumprimento Normativo.

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018


- Determinar os contidos e planificar a formación sobre o Programa de Cumprimento Normativo.
- Informar e asesorar sobre as dúbidas que poidan suscitar a aplicación do Programa de Cumprimento Normativo e o conxunto de procedementos e disposicións que o integran.
- Elaborar informes periódicos sobre a eficacia das medidas adoptadas, particularmente aquelas orientadas á prevención de delitos e sancións administrativas.
- Propor á Xunta Directiva de COGAMI a realización de *due diligences* e auditorías nos termos previstos no Programa de Cumprimento Normativo ou nos acordos acadados con outras organizacións.
- Adaptar o Programa de Cumprimento ás futuras actividades de COGAMI, ás novas áreas de risco que se detecten e aos cambios que se produzan na lexislación e na xurisprudencia dos tribunais.
- Elaborar un informe anual sobre a actividade desempeñada ao redor do Programa de Cumprimento Normativo e suxerir as melloras que, no seu criterio, deban introducirse nel.
- Coordinarse co Comité de Ética e solicitar a súa convocatoria para tratar asuntos de interese común.

Órganos auxiliares

En cada centro de traballo existirá unha persoa Responsable do Cumprimento que auxiliará ao Comité de Cumprimento Normativo na concreción e planificación das actividades relacionadas co desenvolvemento deste Código de Conduta e a prevención de riscos, velará pola observancia e eficacia das medidas establecidas, informará ao persoal das medidas adoptadas e resolverá as dúbidas que lle formulen.

XVI. Canle de denuncias. *Canal Responsable*

Toda persoa vinculada a COGAMI que teña coñecemento de situacións irregulares ou da comisión de feitos contrarios á legalidade ou ao disposto neste Código de Conduta e nas súas normas derivadas deberá comunicalo

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018


inmediatamente, de forma directa e persoal, a calquera persoa Responsable do Cumprimento ou facer uso de *Canal Responsable*, a canle de denuncias habilitada a tal efecto, que asegura a reserva da súa identidade persoal e garante a indemnidade xurídica da persoa denunciante de boa fe.

Esta canle, que tamén pode usarse para solicitar información ou facer consultas en materia de cumprimento normativo, é unha aplicación informática xestionada por unha empresa externa que posibilita que as denuncias ou consultas que se formulen a través dela teñan a consideración de información confidencial e reservada e se protexerá especialmente a identidade e a indemnidade de quen a usa. Así, queda terminantemente prohibida calquera medida de represalia ou a adopción de medidas negativas contra a persoa ou entidade vinculada a COGAMI que formule unha denuncia, sen prexuízo das medidas disciplinarias que resultasen procedentes se, unha vez rematada a investigación, quedase acreditado que a denuncia era falsa e mal intencionada.

Unha vez recibidas as consultas, queixas ou denuncias tramitadas mediante *Canal Responsable*, estas son trasladadas ao Comité de Cumprimento Normativo, onde serán examinadas sen que se coñeza a identidade da persoa que as remitiu.

O Comité de Cumprimento Normativo, debidamente convocado, decidirá, en cada caso, se procede ou non principiar unha investigación sobre as denuncias presentadas. En todo caso, a decisión de arquivo non impedirá que se poida ordenar unha posterior investigación se apareceran novos indicios que así o aconsellasen.

Agás naqueles casos nos que a denuncia resulte manifestamente infundada ou verse sobre cuestións alleas ao Programa de Cumprimento Normativo, o Comité de Cumprimento Normativo poderá encargar a algunha das súas persoas membros que, nun prazo razoable, examine, de xeito preliminar, a realidade dos feitos denunciados e informe posteriormente das súas conclusións. Na súas tarefas investigadoras, as persoas integrantes do Comité de Cumprimento Normativo poderán requirir canta axuda e

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018


asistencia necesiten. Todo o persoal de COGAMI está obrigado a colaborar co Comité de Cumprimento Normativo.

Concluída a investigación, corresponde ao Comité de Cumprimento resolver se a conduta denunciada foi contraria á legalidade ou ao disposto neste Código e nas normas internas que o desenvolven, en cuxo caso poderá propor á Xunta Directiva de COGAMI as medidas correctoras ou disciplinarias que estime pertinentes, sen prexuízo de por os feitos en coñecemento das autoridades administrativas e xudiciais cando proceda. Se a Xunta Directiva estima procedente a imposición dunha sanción ou calquera outra medida de natureza disciplinaria, comunicarllo ao departamento correspondente aos efectos de proceder a súa execución nos termos que estimen máis adecuados. En todo caso, as sancións axustaranse ao disposto na lexislación laboral e aplicaranse de xeito proporcionado, atendendo á realidade de cada caso.

Na tramitación de queixas ou suxestións, o Comité de Cumprimento Normativo pode presentar á Xunta Directiva de COGAMI recomendacións ou medidas que considere axeitadas.

Na páxina web de COGAMI figurará un enlace específico a *Canal Responsable* de COGAMI. Toda persoa que faga uso del poderá facer un seguimento do estado de tramitación en que está a súa denuncia, queixa ou consulta e ten dereito a ser informada da decisión finalmente adoptada polo Comité de Cumprimento Normativo.

COGAMI anima a todas as persoas vinculadas a ela a utilizar *Canal Responsable* e formular as súas dúbidas ou demandar o asesoramento que consideren necesario para cumprir coa legalidade e os principios e valores deste Código de Conduta, pois un diálogo fluído sobre cumprimento normativo é o mellor xeito de previr a comisión de condutas ilícitas. As denuncias que formulen persoas alleas a COGAMI (clientes, provedoras...) terán un tratamento idéntico ás internas, quedando garantida a súa confidencialidade e a indemnidade da persoa denunciante de boa fe.

	CÓDIGO DE CONDUCTA E BOAS PRÁCTICAS CORPORATIVAS	
	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
	VERSIÓN: 2.2	DATA: 08/10/2018

XVII. Réxime sancionador

O incumprimento do Código de Conduta implicará á aplicación do réxime sancionador establecido na normativa laboral vixente ou no convenio colectivo de aplicación, sen prexuízo de comunicar inmediatamente os feitos ás autoridades competentes por se puideran ser de aplicación sancións penais ou administrativas.

XVIII. Entrada en vigor e modificación

O presente Código de Conduta entra en vigor ao día seguinte ao da súa aprobación pola Xunta Directiva de COGAMI.

Corresponde ao Comité de Cumprimento Normativo elaborar as propostas de modificación do presente Código de Conduta, que, para ser efectivas, deberán ser aprobadas pola Xunta Directiva de COGAMI.